



O CEIDA organiza un seminario sobre a cooperación internacional na conservación da biodiversidade

- Terá lugar o vindeiro xoves, 10 de abril, no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros

Oleiros, 4 de abril de 2008. - O próximo xoves, 10 de abril, terá lugar o **Seminario Retos e desafíos da cooperación internacional na conservación da biodiversidade** no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros, sede do CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia -.

Con este seminario, organizado polo CEIDA, preténdese promover a integración da conservación nas políticas, programas e proxectos que se levan a cabo no marco da cooperación internacional para o desenvolvemento. Desta forma, facilítase o intercambio de coñecementos, experiencias e ideas no ámbito da cooperación para a conservación da natureza. Un dos fins que se perseguen con este seminario é contribuir aos esforzos e acción da cooperación española e galega e fomentar a colaboración dos distintos actores para a conservación da biodiversidade.

A actividade está dirixida a responsables locais da área de cooperación, axentes de cooperación, membros de ONGDs, asociacións ecoloxistas, investigadores das universidades, estudantes, persoal reponsable da xestión de Espazos Naturais Protexidos e responsables de empresas consultoras no campo medioambiental.

Os interesados no seminario teñen máis información en www.ceida.org, educacion@ceida.org, ou no teléfono 981.630.618.

Saúdos,

Área de Información e Comunicación do CEIDA

O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.